

Galicia. A nosa vida en Dixital

A Sociedade da Información nos fogares galegos


SI

Resumo Executivo
Edición 2022



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Contidos



Introdución



**Situación Actual e Evolución dos
Indicadores**



Principais Resultados

Factores que inflúen no uso das TIC



Crecemento Dixital Anual



Análise DAFO

Introdución

OBXECTIVOS



- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído Plan Galego de Estatística 2022-2026

MARCO



- **Metodoloxía e recollida de datos:**
 - IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na “Enquisa estrutural a fogares. Ano 2022” (ECV –IGE)
- **7.853 entrevistas en fogares e 15.894 enquisas a persoas** de 16 a 74 anos de idade.
- **Procesamento estatístico e análise:** Amtega–OSIMGA

FONTES DE INFORMACIÓN



- **Evolución Anos 2019 -2020 -2021-2022:**
 - Con carácter xeral, comparativas cos datos dispoñibles nas edicións previas realizadas polo IGE para harmonizar datos evolutivos, empregando nestas catro edicións a mesma metodoloxía
- **Comparativa co contorno:**
 - Indicadores estatais: INE
 - Indicadores europeos: Eurostat

Situación Actual e Evolución dos Indicadores



INTERNET

O 92,7% dos fogares galegos teñen Internet contratado, un 0,5% máis respecto ao ano anterior

No período 2019-2022, o incremento de fogares galegos co Internet contratado foi do 5,2% fronte ao 2,8% da media europea.

En valores absolutos nos concellos de menos de 5.000 habitantes, o incremento rexistrado no período 2019-2022 foi do 21,2%.

A porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses mantense respecto ao ano anterior e sitúase no 89,3%

FOGARES MÁIS DIXITAIS

No 2022 hai en Galicia 733.665 fogares con ordenador de sobremesa, portátil ou tablet, o que representa o 77,8% do total de fogares con persoas de 16 a 74 anos.

Continúa o crecemento das novas tendencias da cultura dixital nos fogares galegos. Neste senso, cabe destacar que un 12,9% dos fogares galegos dispón dun altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet no ano 2022, un 33% máis que non 2021, onde a porcentaxe era de 9,7



DIXITALIZACIÓN DA CIDADANÍA GALEGA

O 96,5% da poboación galega usa o teléfono móbil, ben sexa persoal, ou da empresa na que traballa.

Obsérvase un uso universal nas persoas de 16 a 44 anos mentres que, entre as persoas maiores de 65 anos, o uso sitúase no 87,3%.

Usar mensaxería instantánea (97,3%), buscar información sobre bens e servizos (87,5%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (85,7%), recibir ou enviar correos electrónicos (82,7%), usar banca electrónica (77,2%) ou telefonar por Internet / videoconferencias (72%) son actividades preferidas dos internautas galegos no 2022.

EMPODERAMENTO DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA

Segue a reducirse a fenda dixital segundo a idade. No 2022, segue o incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos : o 59,9% xa son usuarios de Internet (+2% respecto ao ano anterior e +29,7% respecto ao 2019).






Principais Resultados



Dixitalización dos Fogares

Fogares con Ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



O **77,8%** dos fogares galegos contan con ordenadores.



Incremento no período 2019 - 2022

Galicia: 4,3% España: 2,5%

O fogar intelixente segue avanzando en Galicia. Altofalantes, termóstatos, televisores, cámaras, lámpadas, enchufes, timbres... Cada vez son máis os dispositivos conectados que temos nas nosas casas, nun camiño imparable cara ao fogar intelixente. Como exemplo cabe destacar que un 12,9% dos fogares galegos dispón dun altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet no ano 2022, un 33% máis que non 2021, onde a porcentaxe era de 9,7%.


Case 735 mil vivendas en Galicia dispoñen de ordenador fixo ou portátil, o que equivale ao 77,8% dos fogares con polo menos un membro de entre 16 e 74 anos.

No 2022, a tecnoloxía continúa gañando terreo ao analóxico nos fogares galegos nos que en case 5 de cada 10 fogares xa existe un televisor intelixente. Este dispositivo creceu un 12,6% respecto ao ano anterior.



Equipamento Tecnolóxico dos fogares

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fontes: OSIMGA-IGE; INE; EUROSTAT

Internet

Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



O **92,7%** dos fogares galegos contan con Internet contratado.




Incremento no período 2019 - 2022
Galicia: 5,2% España: 5,1% UE: 2,8%

A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia presenta un ascenso superior ao observado a nivel europeo, rexistrando un incremento do 5,2% no período 2019-2022 fronte ao 2,8% de aumento da media europea.

Velocidade de conexión superior aos 30 Mbps no fogar

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)



O **75,9%** dos fogares galegos con conexión a Internet contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps, o que supón un incremento do 48,8% respecto ao ano 2019, amosando a rápida evolución de velocidade de conexión nos fogares galegos. No último ano creceu un 8,9%.


A porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet contratada superior a 100 Mbps estivo cerca de duplicarse no período 2019 a 2022, situándose no **45,4%** fronte ao 23,8% do ano 2019.



Uso das TIC

Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Incremento no período 2019 – 2022
Galicia: 4,3%. España: 4,2%. UE: 4,7%

No 2022, o 89,3% dos galegos/as utilizaron internet nos últimos tres meses. É una cifra similar a do ano 2021, o que corrobora a consolidación do proceso de dixitalización da poboación galega.


A evolución en Galicia de persoas con uso de Internet nos tres últimos meses é similar ao crecemento estatal e europeo no período 2019-2022.



Uso das TIC

Servizos de Internet utilizados polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




A mensaxería instantánea (como WhatsApp, Telegram, Facebook Messenger...) é o servizo con maior uso no últimos tres meses polos internautas galegos. O uso deste servizo é xeneralizado na poboación, independentemente das súas características sociodemográficas.

Uso das TIC

Actividades realizadas polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



O 77,2% da poboación galega de 16 a 74 anos (1.351.188 persoas) utilizou servizos de banca electrónica nos últimos 3 meses en 2022.

Compras a través de Internet

Seis de cada dez de galegos/as realizaron compras na Rede, experimentando un crecemento do 16,7% dende o 2019, moi por encima da Unión Europea que rexistra un crecemento do 13,3% no mesmo período.

Roupa (incluída roupa deportiva), zapatos ou accesorios (68,5%), entradas para espectáculos (33,3%) e reservas de aloxamentos (23,9%) son as principais compras que realizan.


Un ano máis, son os mozos/as con idades comprendidas entre os 25 a 34 anos os que amosan unha maior porcentaxe de compras a través de Internet (91,6%).

No 2022 destaca especialmente o crecemento de compradores entre as persoas de 65 a 74 anos (+10,8%) pasando do 15,8% no 2021 ao 17,5% no 2022.



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo grupos de idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Ciberseguridade

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos dispositivos de uso particular nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




O 53,3% dos internautas galegos/as sufriron incidentes relacionados coa ciberseguridade no último ano.

Os datos do informe indican que máis do 90% dos incidentes que afectaron aos internautas foron o SPAM. As estafas ou intentos de estafa están entre os incidentes máis frecuentes e son os que teñen un maior crecemento desde 2018, onde só o 7,5% dos internautas declararon sufrir este tipo de ciberdelito fronte ao 26,2% que o sufriu no 2022.



Tipo de incidente de seguridade que sufriu en internet nos últimos 12 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que sufriron algún incidente de seguridade en internet nos últimos 12 meses)



eAdministración

Persoas que empregan internet nas súas xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que interactuaron coa administración nos últimos 12 meses)



O 93,3% dos galegos/as de 16 a 74 anos realizaron xestión coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais no ano 2022, destes o 83,8% empregou internet para realizar esas xestións.

Procesos realizados na Xestión coas AAPP a través de Internet

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que realizaron xestións por internet coas administracións e organismos públicos nos últimos 12 meses)




Nas diferentes xestións realizadas coas Administracións Públicas a través da Rede, destacan as xestións sanitarias, cun 86,1%, xunto coa tramitación da declaración da renda (41,6%).







Factores que inflúen no uso das TIC



Factores que inflúen no uso das TIC: IDADE

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




A dixitalización da sociedade galega amosa que, ata os 54 anos converxe coa media estatal, con valores superiores ao 96%.

No 2022, afiánzase a dixitalización dos maiores, achegándose a valores próximos ao 60% de poboación internauta entre os 65 e os 74 anos, cun 2% máis internautas que no ano anterior neste tramo de idade.

Factores que inflúen no uso das TIC: FORMACIÓN

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a súa formación

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



O nivel formativo dos/as galegos/as é determinante en todos o indicadores TIC pero, relaciónase particularmente coas compras a través de Internet: máis do 85% dos galegos/as con educación superior compran a través da Rede.




Factores que inflúen no uso das TIC:

INGRESOS MENSUAIS

Fogares con ordenadores segundo volume de ingresos do fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A presenza de ordenadores no fogar (portátil, sobremesa, tablet,...) crece de modo paralelo aos ingresos: o 94,9% dos fogares con ingresos mensuais superiores aos 3.500 euros mensuais, dispoñen deste equipamento.

Os fogares que teñen ingresos inferiores a 1.100 mensuais euros son os que máis incrementaron a dispoñibilidade de ordenadores nos últimos anos. Así, no 2022, un 48,3% dos fogares con ingresos mensuais inferiores a 600 euros contan con algún tipo de ordenador fronte ao 39,1% do ano 2019, o que representa un incremento do 23,5%.




Factores que inflúen no uso das TIC:

CONVIVENCIA CON NENOS


Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74)



A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo na dixitalización do fogar


Factores que inflúen no uso das TIC: HÁBITAT

O uso de Internet mantense en todos os tipos de hábitat. Nos concellos de máis de 50.000 habitantes, supera amplamente a media galega (89,3%) e acada unha porcentaxe do 94,4% (+1% sobre o 2021).


O incremento máis notorio dende o 2019 prodúcese nos concellos de menos de 5.000 habitantes, cun crecemento de internautas do 9,5% nos últimos catro anos.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses



Fontes: OSIMGA-IGE; INE; EUROSTAT

Crecemento Dixital nos fogares. 2019-2022

FOGARES CON
ORDENADOR




+ 4,3%

2019-2022
+ 33.448

733.665
fogares

FOGARES CON
INTERNET




+ 5,2%

2019-2022
+ 47.554

874.806
fogares

INTERNAUTAS
16-74 ANOS



+ 4,3%

2019-2022
+ 68.052

Internautas
2022
+1.8 MM

INTERNAUTAS
65-74 ANOS




+ 25,2%

2019-2022
+ 44.460

Internautas
65-74 anos
2022
193.981

COMPRAS
ON LINE



+ 16,7%

2019-2022
+ 169.153

Compradores
2022
+1.2 MM

Análise DAFO




FORTALEZAS

Continúa a evolución positiva dos principais indicadores TICs e a converxencia coa media estatal e europea.

Impulso dos indicadores de dixitalización entre os colectivos que, tradicionalmente, presentaban unha menor inclusión dixital (persoas maiores ou residentes no rural).

Gran despregue no uso da eAdministración en Galicia.



DEBILIDADES

A dificultade para a mellora das redes e conexións en zonas afectadas polo despoboamento e a dispersión.

Aínda que os maiores se conecten, o seu uso de Internet é menos diversificado.



OPORTUNIDADES

Estratexia Dixital Galicia 2030: actuacións para configurar un futuro dixital para tod@s

Desenvolvemento dun marco de competencias dixitais para a cidadanía

Despregamento das redes 5G

Desenvolvemento dunha Administración Intelixente, con servizos proactivos, inclusiva e personalizada para a cidadanía, accesible 24 horas dende calquera dispositivo en mobilidade.



AMEAZAS

A xente maior aumentou moito o seu uso de servizos sensíbles como a Banca Electrónica e a Sanidade polo que debe mellorarse o seu coñecemento e preparación ante as ameazas á ciberseguridade, tanto desta xente maior como de toda a poboación.

A baixa incorporación da xente maior ás compras por Internet limita o seu acceso aos bens e servizos, cada vez máis dixitais.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA